

Interessante actividade para nenas/os de 8 a 12 anos de Lugo  
documento para difundir ás familias da comunidade educativa

# FEIRA DO EMPRENDIMENTO INFANTIL para o COMERCIO

dende o 29 de setembro ao **13 de decembro de 2025**

A idea é fomentar a creatividade e o espírito emprendedor nas nenas e nos nenos, dunha maneira divertida e educativa.



**Queremos investir no futuro da nosa sociedade!!!!**

## **Presentación da iniciativa**

A **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia** quere dar a coñecer os valores do comercio local e fomentar a creatividade e o espírito emprendedor dunha maneira divertida e educativa en nenos e nenas galegos/as. Esta Consellería considera que a través da educación para o ocio e o tempo libre pódense levar a cabo diferentes iniciativas lúdicas e educativas importantes para a sociedade e para a educación das nosas nenas e dos nosos nenos.

Atópanse poucas iniciativas que apoien o **emprendemento infantil en idades tan temperás**. Por iso, a **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia** quere impulsar este proxecto, xa que entende é unha iniciativa que pode ter éxito no ámbito educativo e socio-familiar.

É importante ter en conta que, nas idades máis temperás, é onde máis efectivas poden ser todas aquelas iniciativas que mostren que unha persoa, atendendo ás súas inquiredanzas, pode promover pequenos proxectos empresariais cos que gañarse a vida.

## **Obxectivo da iniciativa**

Fomentar o espírito emprendedor nos/as nenos/as, desenvolvendo habilidades como a creatividade, o traballo en equipo e a xestión de recursos a través da creación e venda de produtos e/ou servizos.

## **Explicación da iniciativa**

Este proxecto busca que as/os participantes impulsen a súa mini-idea empresarial, coñezan o esforzo que require, saiban o que implica, a expoñan á cidadanía e aos seus coñecidos, e ao finalizar a actividade, fagan un balance de si a idea funcionou e si obtiveron ganancia. A Feira do Emprendemento Infantil para o Comercio faríase con diñeiro real, tendo os produtos e servizos que as nenas e nenos presenten uns prezos de 0,50 €, 1 € ou 2 €.

Para aclarar, a iniciativa constaría dos seguintes pasos:

- 1.- Cada neno/a ou grupo de nenos e nenas (de 1 a 3 participantes) que queiran participar, teñen que dicirlllo ao seu pai ou a súa nai e que estes envíen un correo a [etlbulideira.proxectos@gmail.com](mailto:etlbulideira.proxectos@gmail.com) enviando a ficha de inscrición adxunta.
- 2.- Cada iniciativa tería que ter detrás (e acompañando aos pequenos e pequenas no proceso) a unha nai, a un pai ou un/ha titor/a legal.
- 3.- Primeiro os/as interesados teñen que inscribirse, logo pensar a súa iniciativa empresarial e ir preparando o seu produto ou servizo nas semanas previas á celebración da Feira. Tamén haberá que participar nas tres conexións en liña onde se lles dará formación sobre emprendemento e comercio aos participantes.

4.- A **Feira do Emprendemento Infantil para o Comercio** farase (previsiblemente) o día **13 de decembro** de 2025 no centro de Lugo. Ese día pola mañá os nenos e nenas prepararían a súa caseta/posto acompañados dun adulto, nese momento a feira estaría pechada ao público, e pola tarde de 16 a 20:30 horas sería o momento que se abre ao público e as/os mini-emprendedores/as verían recompensado o seu traballo.

5.- Ao finalizar cada caseta/posto tería que valorar cunha conta de resultados, e seguindo un mini plan de empresa si a súa idea obtivo ganancia.

### **Temporalización do proxecto:**

#### **Lugo:**

- **29 Setembro a 30 de Outubro:** difusión da actividade nos centros educativos da zona do Calvario (Vigo), envío de correos electrónicos ás ANPAs, inscricións dos/as interesados/as, resolución de dúbidas sobre a actividade, concreción dos aspectos formativos.

- **Novembro, (3 días)** a determinar de conexións en liña formativas para as/os participantes e as súas familias. Conceptos sobre emprendemento e comercio, e explicación de en que vai a consistir a Feira.

- **Decembro, día 13,** celebración da **FEIRA DE EMPRENDEMENTO INFANTIL para o Comercio en Lugo.**

### **Contidos a traballar:**

As/os nenas/os participantes con esta iniciativa traballaran aspectos como a **oratoria, os valores do Comercio local, as matemáticas, o emprendemento, as habilidades sociais e a autonomía,** entre outras.

### **Algunhas posibles ideas:**

Tarxetas de felicitación personalizadas, pulseiras da amizade, chapas orixinais, marcapáxinas, colgantes, caixas sorpresa, pequenos debuxos, xogos de mesa caseiros ou xoguetes con material de refugallo, etc.

### **Inscricións e dúbidas:**

Como xa se mencionou anteriormente, se estades interesados/as poderedes enviar un correo a:

[etlbulideira.proxectos@gmail.com](mailto:etlbulideira.proxectos@gmail.com) coa ficha de inscrición adxunta.

**Nesta iniciativa poderán participar ata 90 nenos/as de 8 a 12 anos divididos/as en grupos de 3 participantes.**

Dúbidas sobre a iniciativa **669432111 (wasap tardes)**

**ANIMÁDEVOS!!!!**